



## II CONVOCATORIA DE AXUDAS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO, SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Oficina de Cooperación e Voluntariado 2015

### OBXECTIVO


Co obxectivo de apoiar aquelas actividades desenvolvidas pola comunidade universitaria cuxo fin sexa darlle pulo aos valores da solidariedade na universidade, sensibilizar a sociedade sobre as causas da pobreza e as desigualdades e a necesidade de erradicalas, fomentar o desenvolvemento humano sostible e a xustiza social, así como favorecer iniciativas que promovan a participación social da comunidade universitaria da UDC, a Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC convoca estas axudas de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social.

Dentro desta convocatoria, poderán ser obxecto de financiamento as seguintes actividades:

- Realización de charlas, xornadas, conferencias, exposicións etc.
- Cursos e obradoiros específicos para a formación e sensibilización da comunidade universitaria.
- Publicación de materiais relacionados coa sensibilización, a educación para o desenvolvemento e a participación social.
- Outras accións que cumpran cos obxectivos desta convocatoria.

As actividades e accións obxecto destas axudas deberán aterse ás seguintes regras:

- As actividades deberanse levar a cabo na UDC. No caso de que excepcionalmente se realicen fóra dos campus universitarios, deberá argumentarse na solicitude a forma en que a acción reverterá na comunidade universitaria.
- A persoa solicitante deberá contar cos permisos precisos para realizar a actividade.
- No caso do alumnado, valorarase moi positivamente a participación na actividade de PDI ou PAS da UDC, máis especialmente se participa activamente na actividade.
- Se a persoa solicitante percibe outra/s axuda/s para a mesma acción deberá informar a OCV o máis axiña posible.
- Terán preferencia as accións institucionais impulsadas desde as escolas, facultades e servizos xerais.



- Valoraranse positivamente as accións cuxa repercusión involucre un número elevado de membros da comunidade universitaria.
- A acción poderá executarse desde o día seguinte á resolución da convocatoria ata o 13 de novembro do ano 2015.
- As persoas solicitantes da I convocatoria do ano 2014 non poderán solicitar como titulares estas axudas en 2015.

### **PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderán participar todas as persoas membros da comunidade universitaria da UDC: persoal docente e investigador (PDI); persoal de administración e servizos (PAS), estudantado matriculado, así como as demais persoas vinculadas á UDC, sempre e cando non sexan incompatibles para acadar este tipo de axudas e non se lles concedese a mesma axuda en convocatorias anteriores.

### **CONTÍA DAS AXUDAS, DURACIÓN E FORMA DE PAGAMENTO**

A Oficina de Cooperación e Voluntariado destina a esta convocatoria ata un máximo de 6000 € da aplicación orzamentaria 08000806 422D 22609, sen prexuízo de que este importe puidese ser incrementado.

O importe máximo que se conceda por actividade será de 1500 €.

Todos os gastos imputables á presente axuda, unha vez aprobada, serán xestionados a través da OCV, a medida que se vaian producindo estes, mediante os procesos administrativos habituais.

Unha vez rematadas as actividades, a persoa responsable da axuda presentará no presente ano a memoria final, xunto co informe nunha folla de cálculo dos gastos e a documentación gráfica e/ou audiovisual requirida.

No caso de utilización incorrecta da axuda, a persoa responsable estará obrigada ao reintegro das cantidades executadas indebidamente.

### **GASTOS IMPUTABLES E NON IMPUTABLES**

Son gastos imputables:

- 1) Publicacións e material de difusión (carteis, dípticos etc.)
- 2) Material funxible audiovisual (DVD, CD etc.)
- 3) Gastos por transporte



- 4) Gastos de persoal alleo á UDC: pagamento a conferenciantes e gastos asociados (desprazamentos, aloxamento, manutención) a que se lle aplicará a instrución para o pagamento do persoal alleo á UDC.

Os seguintes serán gastos **NON** imputables:

- 1) Material inventariable
- 2) Envío de material
- 3) Bolsas
- 4) Contratación de persoal
- 5) Gastos administrativos e de xestión

Todos os gastos precisarán da súa correspondente xustificación (facturas, billetes electrónicos, tarxetas de embarque etc.).

## FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O impreso para presentar as solicitudes atópase dispoñible na páxina web da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC ([www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv)).

As solicitudes poderanse presentar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria ata as 14:30 h do día 6 de marzo nos lugares seguintes:

- Rexistro Xeral da Universidade da Coruña (rúa Maestranza 9, 15001 A Coruña);
- Rexistro auxiliar do campus de Elviña (Casa do Lagar);
- Rexistro auxiliar do campus de Ferrol (Vicerreitoría do Campus de Ferrol, rúa Vázquez Cabrera s/n).

As persoas solicitantes deberán presentar na OCV os seguintes documentos:

1. Impreso normalizado de solicitude debidamente cuberto e asinado.
2. Expediente académico actualizado descargado desde a Intranet (formato electrónico). (Só alumnado e demais persoal vinculado á UDC)
3. Carta argumentada dun PDI ou PAS apoiando a actividade presentada. (Só alumnado e demais persoal vinculado á UDC)

## AVALIACIÓN E SELECCIÓN DE SOLICITUDES



Unha vez recibidas as propostas serán avaliadas, seguindo os criterios xerais desta convocatoria, pola comisión avaliadora da OCV, presidida pola Vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación, e integrada ademais por dirección e persoal técnico da OCV. A OCV publicará as accións seleccionadas para ser executadas.

A avaliación e selección das propostas levarase a cabo, sobre unha puntuación de 25 puntos, tendo en conta os seguintes criterios:

1. Adecuación aos obxectivos propostos na convocatoria (máx. 6 puntos).
2. Orzamento acorde coa acción que se realizará (máx. 5 puntos).
3. Actividades vinculadas a outras accións de educación ao desenvolvemento e/ou participación social levadas a cabo na UDC (máx. 2 puntos).
4. Colaboración con asociacións, ONGD, universidades e outros actores en materia de educación para o desenvolvemento ou participación social, especialmente aquelas entidades que teñan ligazóns permanentes coa UDC (máx. 3 puntos).
5. Repercusión da acción de sensibilización na comunidade universitaria da UDC (máx. 4 puntos).
6. Sinerxías entre diferentes servizos, escolas, departamentos etc. da UDC (máx. 2 puntos).
7. Viabilidade e sustentabilidade da acción (máx. 3 puntos).

## RESOLUCIÓN

Nun máximo de 15 días desde o remate do prazo de presentación das candidaturas, a vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informará sobre a resolución. Nela indicárase a identidade da persoa ou das persoas beneficiarias.

A comisión encargada da valoración das solicitudes estará formada por:

- a. Natalia Álvarez Lata, vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación
- b. José Jesús Cendán Verdes, director da Oficina de Cooperación e Voluntariado
- c. Vanessa Míguez Martín, técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado

Ou persoas que as substitúan legalmente.

A concesión ou denegación das axudas realizarase por acordo da comisión avaliadora da OCV ata esgotar os fondos dispoñibles. Para tales efectos, publicarase na páxina web da OCV unha relación das actividades aprobadas, así como das denegadas.

Poderase declarar deserta a convocatoria mediante resolución motivada por incumprimento das condicións esixidas nela ou por aproveitamento destas sen autorización previa.

## OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas seleccionadas deberán presentar na OCV, no prazo de 5 días hábiles desde a data de resolución da convocatoria, unha carta asinada onde conste a aceptación da axuda (o modelo de carta está dispoñible na páxina web da OCV).

A aceptación da axuda implica a aceptación das normas fixadas na presente convocatoria.

En concreto, as principais obrigas son as seguintes:

- 1) A realización da actividade para a que se solicitou a axuda no prazo determinado, que deberá levarse a cabo durante o ano 2015.
- 2) Deberá achegarse unha memoria explicativa no presente ano, tras a realización das actividades. Nela constarán as actividades levadas a cabo, os obxectivos acadados e as conclusións obtidas.
- 3) Deberanse incorporar os gastos realizados nunha folla de cálculo, e coas facturas numeradas.
- 4) Entregaranse fotografías e calquera outro material en soporte audiovisual que recolla as actividades, que poderán ser utilizadas para divulgar a dita convocatoria por parte da OCV, tanto na súa web como nas redes sociais.
- 5) A non entrega da memoria no prazo esixido, implicará a imposibilidade de presentarse a sucesivas convocatorias. A memoria publicárase na páxina web da OCV.
- 6) Antes de iniciaren as actividades, deberá coordinarse coa OCV, amosando o material que se vai empregar e comunicando a proposta de datas para a súa realización e facer difusión conxunta da actividade, onde se incorporará a imaxe corporativa da OCV.
- 7) No caso de variar algunha das condicións da acción, deberá notificarlo o máis axiña posible á OCV. Se a variación é orzamentaria, deberá refacerse o dito orzamento e presentalo coas modificacións aplicadas.

A Coruña, 9 de febreiro de 2015

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación



Natalia Álvarez Lata